
Sorbus aucuparia L., 1753

- cancereixo, capudre, cornabude, escornabois
- serbal de cazadores
- otsalizarra, ustaina
- server, moixera de guilla
- european rowan
- sorveira, tramazeira



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX | ES | CR | EP | VU | CA | **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Rosales**	**Rosaceae**	***Sorbus***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Porte arbóreo. Árbore caducifolia. Crecemento medio, pode acadar os 15 m de atura. Lonxevidade media. Copa ampla e lixeira, con pólas finas. Follas compostas imparipinnadas, con 6-8 pares de folíolos lanceolados e un folíolo terminal. Flores pequenas e brancas, dispostas en acios ou corimbos. Florece na primavera-verán. Os froitos teñen forma de bóla pequena e redondeada, de cor vermella ou alaranxada. Maduran no outono.

HÁBITAT

Medra en zonas montañosas, claros de bosques, beiras de camiños e lugares húmidos. Dende o nivel do mar ata zonas altas.

DISTRIBUCIÓN

Ampla distribución por toda Europa e Asia temperada.

CURIOSIDADES

Os froitos son moi importantes para as aves fruxívoras, que se alimentan deles e esparexen as sementes, axudando así á rexeneración do bosque.